

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 21 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, e se nomean os tribunais cualificadores no concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal sanitario de formación profesional, convocado mediante a Resolución do 19 de abril de 2024.

Mediante a Resolución do 19 de abril de 2024 desta dirección xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 85, do 30 de abril), convocouse concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal sanitario de formación profesional.

Mediante a Resolución do 3 de xaneiro de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 13, do 21 de xaneiro) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega na categoría de técnico/a superior nas especialidades de anatomía patolóxica e citoloxía, dietética, documentación sanitaria e laboratorio de diagnóstico clínico, convocado pola Resolución do 19 de abril de 2024.

Na base sétima da resolución de convocatoria dispónse que os tribunais cualificadores do concurso-oposición serán nomeados pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas e que se publicará para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa dita base e finalizado o prazo de emenda previsto no número 6.2 desta mesma resolución, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo e por categoría, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso na categoría de técnico/a superior nas especialidades de anatomía patolóxica e citoloxía, dietética, documentación sanitaria e laboratorio de diagnóstico clínico.

As listas coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas por categoría, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da



realización do exercicio de lingua galega, poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a aspirante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. Nomear os membros dos tribunais, titulares e suplentes que xulgarán o proceso selectivo e que se relacionan, para cada categoría, no anexo desta resolución.

Terceiro. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade do 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2025

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO

Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía			
Presidenta titular	María Luisa López Vega	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en anatomía patolóxica e citoloxía
Secretario titular	José Jorge García Souto	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Miguel Ángel Lázaro Míguez	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior en anatomía patolóxica e citoloxía
Vogal titular	Trinidad Yolanda Rico Rodríguez	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en anatomía patolóxica e citoloxía
Vogal titular	María Ana Mejuto Rial	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en anatomía patolóxica e citoloxía



Presidenta suplente	Azucena Manuela Hércules Carballo	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en anatomía patolóxica e citoloxía
Secretario suplente	Daniel Potel Villar	Funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	
Vogal suplente	Diego Barco Díaz	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior en anatomía patolóxica e citoloxía
Vogal suplente	Alejandro Seoane Seoane	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior en anatomía patolóxica e citoloxía
Vogal suplente	Alfonso Fernández Costas	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior en anatomía patolóxica e citoloxía
Técnico/a superior en dietética			
Presidente titular	Alfonso José Vidal Casariego	Persoal estatutario licenciado sanitario	Facultativo especialista de área en endocrinoloxía e nutrición
Secretaria titular	María José Ríos Carro	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal titular	Susana González Amigo	Funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	Farmacéutica inspectora de saúde pública
Vogal titular	María Jesús Garrido Ferrero	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Vogal titular	Ana María Sánchez García	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Presidente suplente	Francisco Pita Gutiérrez	Persoal estatutario licenciado sanitario	Facultativo especialista de área en endocrinoloxía e nutrición
Secretario suplente	José Jorge García Souto	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Óscar Santiago Domínguez Fernández	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Vogal suplente	Alma María Prieto Tenreiro	Persoal estatutario licenciado sanitario	Facultativa especialista de área en endocrinoloxía e nutrición
Vogal suplente	Susana Alonso Urrutía	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Técnico/a superior en documentación sanitaria			
Presidenta titular	Elvira Requeijo Maceira	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en documentación sanitaria
Secretario titular	José Luis Sampedro Morandeira	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Laura Sofía Piñón González	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en documentación sanitaria
Vogal titular	José Ramón Castro Duarte	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior en documentación sanitaria
Vogal titular	Trinidad Gancedo Herrerías	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en documentación sanitaria
Presidenta suplente	Ana María Moral Álvarez	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en documentación sanitaria
Secretario suplente	José Francisco Morán Losada	Persoal estatutario de xestión y servicios	Grupo técnico da función administrativa



Vogal suplente	María Mercedes Lanza Gándara	Personal funcionario Lei 17/1989	Inspectora médica
Vogal suplente	María Emilia Rendo Miguez	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior en documentación sanitaria
Vogal suplente	Santiago Pérez Cachafeiro	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico de admisión e documentación clínica
Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico			
Presidente titular	Emilio Rodríguez Magide	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico
Secretaria titular	Esperanza Rodríguez Cabo	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Natividad Vizoso Lorenzo	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior de laboratorio de diagnóstico clínico
Vogal titular	Francisco Vilariño Pérez	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico
Vogal titular	Susana Pérez Duarte	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior de laboratorio de diagnóstico clínico
Presidente suplente	José Manuel Rey Casas	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico
Secretaria suplente	Nieves Fiel Paz	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal suplente	Óscar Porto Prego	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico
Vogal suplente	Elisa Linares Castañeda	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnica superior de laboratorio de diagnóstico clínico
Vogal suplente	Roberto García Roca	Persoal estatutario sanitario de formación profesional	Técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico

